

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Instituto de Ensino Secundario Faro das Lúas



r/Cuxhaven, nº 7 - 36620 - Vilanova de Arousa
Tlf.: 986.555711 - FAX.: 986.555389
e-mail : ies.faro.das.luas@edu.xunta.es



ANUNCIO

CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CAFETARÍA DO INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA FARO DAS LÚAS DE VILANOVA DE AROUSA.

De acordo coas instrucións 7/2017 do 30 de maio, realizase a contratación do servizo de cafetaría por medio de concurso público e de acordo coas seguintes bases:

1. Pode concursar calquera persoa maior de idade.
2. Valorarase segundo a seguinte táboa:

1) Proposición oferta económica, ou canon anual. Deberá axustarse ao modelo oficial que figura como anexo II. A puntuación das ofertas será lineal entre todas as ofertas, sendo 0 puntos para a oferta igual ao canon de licitación mínimo (258.8 EUROS) previsto no apartado 4.2 e 40 puntos para a oferta que presente o maior canon anual. Para cada unha das ofertas intermedias a puntuación será directamente proporcional á oferta presentada. Alta da oferta a valorar Puntuación oferta: 40x ----- Alta maior aceptada	40 puntos
2) Memoria coa proposta de metodoloxía ou plan de negocio.	10 puntos
3) Persoa ou equipo de traballo asignado a realización do contrato.	15 puntos
4) Melloras propostas. Servizos adicionais. Aportarase relación das melloras ofrecidas no servizo sen custo, que aporten vantaxes ao esixible nas condicións de realización do servizo, como celebracións de festas conmemorativas, tardes musicais, patrocinio e organización de torneos de mesa,...etc.	10 puntos
5) Lista de prezos de artigos de consumo da cafetería (como mínimo dos detallados no anexo III) que recollan ou melloren os máximos previstos no citado anexo.	10 puntos
6) Elaboración preferente de produtos na propia cafetería como bocadillos, sandwiches, pratos combinados con utilización de materias primas naturais, aproveitando produtos de tempada, produtos frescos como, pan, leituga, tomate, embutidos, ovos, froitas, etc.	15 puntos

3. Será condición imprescindible que o adxudicatario posúa o carné de manipulador de alimentos.
4. O adxudicatario terá que depositar unha fianza de 500 €, en concepto de responsabilidade do cuidado do local e mobiliario propio de Centro (1 termo eléctrico, 1 barra de madeira de 4,05 m x 50 cm, 3 mesas de metal e madeira, 12 cadeiras , 1 moble de aceiro inoxidável, 1 estantería de madeira branca)
5. Son por conta do adxudicatario os mobles, maquinaria precisa e as obras necesarias para poder dar dito servizo, así como o mantemento e pintado do local.
6. O prazo de presentación de instancias queda aberto desde o 7 de xuño de 2017 ata as 12:00 horas do 16 de xuño de 2016. Os impresos poderán recoller na Conserxería do centro e entregaranse persoalmente en dirección en horario de 9:00 a 14:00 horas
7. Os custos de publicidade, de habelos, do concurso serán por conta da persoa que resulte contratada.
8. O sistema de concurso consiste en presentar a instancia cos méritos alegados e xunto coa oferta de servizo, e o Consello Escolar adxudicará a praza despois de estudar as ofertas presentadas. A resolución do Consello publicarase na porta da entrada ó Instituto e deberá entregar a seguinte documentación:
 - a) . A certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social, ao abeiro dos artigos 14 e 15 do RXLCAP, que acredite que se atopa ao día no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.
 - b) A certificación positiva expedida pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de non ter contraída débeda ningunha coa facenda da Comunidade Autónoma de Galicia.



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Instituto de Ensino Secundario Faro das Lúas



r/Cuxhaven, nº 7 - 36620 - Vilanova de Arousa
Tlf.: 986.555711 - FAX.: 986.555389
e-mail : ies.faro.das.luas@edu.xunta.es



- c) . A certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, ao amparo dos artigos 13 e 15 do RXLCAP, que acredite que se atopa ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias.
- d) O orixinal ou a copia compulsada da alta no IAE no epígrafe correspondente ao obxecto deste contrato, referida ao exercicio corrente, ou o último recibo completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto.
- e) O adxudicatario deberá presentar, de non telo feito antes, xustificación de ter constituída unha póliza de seguro de responsabilidade civil segundo se dispón no apartado 9.11, para a cobertura de posibles danos a terceiros por un capital non inferior a 20.000,00 €

9. A cafetaría ten que empezar a prestar servizos a partir do día **1 de setembro de 2017**. O candidato/a elixido está obrigado a prestar servizos durante todas as horas e días lectivos, e sempre que a Dirección do Centro o considere necesario (cursiños, claustros, avaliaciós, conferencias, ...)

10. A duración do contrato será por un **período de un ano**.

11. A cafetaría será atendida sempre polo adxudicatario/a, e no caso de precisar axuda doutra persoa deberá ter autorización o Centro. En ningún caso haberá alumnado detrás do mostrador.

12. A lista de prezos da cafetaría será aprobada polo Consello Escolar e estará exposta o público.

13. Será obriga da concesionaria **ofertar dúas variedades de froita**, a un prezo asequible, na cafetaría.

14. Os produtos alimenticios permanecerán na localización pertinente por razóns hixiénicas.

15. Valorarase a posibilidade de ofrecer servizo de comedor ós alumnos ou profesores que estean interesados.

16. Os produtos postos a venda deberán ser de calidade recoñecida.

17. A limpeza do local corre a cargo do adxudicatario que deberá mantelo en boas condicións hixiénicas.

18. A limpeza da entrada do edificio e das escaleiras despois do recreo será assumida pola concesionaria.

19. Queda prohibida a venda de tabaco e alcohol, así como a venda de calquer artigo que conlleve cáscaras (pipas, pistachos e similares)

20. A concesionaria frase cargo do pago en xuño de 2018 dos gastos de electricidade (aplicando os KWh do contador polo prezo da última fáctura recibida no centro) e o 5% dos recibos de auga (setembro-xuño), e o 5% do gasóleo investido nese curso escolar.

21. Se por algún motivo non se respectase algúna destas bases por parte do adxudicatario, darase por rescindido o contrato.

En Vilanova de Arousa a 6 de xuño de 2017

O PRESIDENTE DO CONSELLO ESCOLAR

Asdo: DIEGO ABARCA RODRÍGUEZ

